

ATÉ O
CONFÍN
DO MUNDO:
DIÁLOGOS ENTRE
SANTIAGO E O **MAR**



do

MUSEO DO MAR DE GALICIA



XACOBEO 2004
Galicia

DO 27 DE XULLO AO 30 DE SETEMBRO
MUSEO DO MAR DE GALICIA, ALCABRE, VIGO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO



Concello de Vigo



CONSORCIO
ZONA FRANCA
DE VIGO

Ebro PULEVA

PATROCINADOR XACOBEO 04

CATÁLOGO

Edición a cargo de

Francisco Singul
José Suárez Otero

Autores

Felipe Arias Vilas, Manuel C. Díaz y Díaz,
Ángela Franco Mata, Francisco J. Galante
Gómez, Humbert Jacomet, José María
Luzón Nogué, Alfredo Pinheiro Marques,
Francisco Rebolledo, Francisco Singul,
José Suárez Otero.

Fichas

Roberto Aboal Fernández
Pilar Barciela
Rosa Brañas
Vicente Caramés Moreira
Xulio Carballo Arceo
Manuel A. Castiñeiras González
David Chao
Fátima Cobo Rodríguez
Mar Cortegoso Comesaña
José Manuel Cruz Valdovinos
Francisco Fariña Busto
Rosa María Fernández Gómez
Sonia Fernández Pérez
Ana B. Freire Naval
Xosé Fuentes Allende
Rosario García Rozas
Miguel Ángel González García
Luis Grau Lobo
Ana Lamelas Fernández
Mariel Larriba Leira
Agustín Lázaro
J. Leonardo Lemos Montanet
Catalina López
Carmen López Calderón
Gonzalo Méndez Martínez

Juan M. Monterroso Montero
Museo del Virreinato de México
Victoriano R. Nodar Fernández
Fermín Pérez Losada
Bieito Pérez Outeriño
María Soledad Prieto Robles
Eusebio Rey
Alfredo Ruibal
Xosé M. Sánchez
José L. Senra Gabriel y Galán
Francisco Singul
José Suárez Otero
Xosé Carlos Valle Pérez
Sergio Vidal Álvarez
Mario Cesar Vila
Ricardo Viñas Cué
M. Xusto Rodríguez
Mar Zabaleta Estévez

Coordinación

Vicente Caramés Moreira

Fotografía

Vítor Vaqueiro

Colaboración fotográfica

Vicente Caramés Moreira
Eleiz Museoa de Bilbao
José Israel Hermelo Martínez
Humbert Jacomet
Xenaro Martínez Castro
Museo de Bellas Artes de Cantabria
Museo de la Catedral de Burgos
Museo de León
Museo Diocesà i Comarcal de Lleida
Museo Diocesano de Arte Sacro de Bilbao
Museo Nacional del Virreinato,
Tepotzotlán, México

Museo Naval de Ferrol
Museo Naval, Madrid
Museo Provincial de Pontevedra
Museo Provincial de Zamora
Museu de Marinha de Lisboa
Yolanda Porto Tenreiro
Francisco Singul

Producción editorial

Editorial Galaxia

Diseño e maquetación

desoños

Traduccions

Do francés

Antonio Pichel

Ao galego

Dolores Torres París

Ao inglés

Kerry Ann Mckewitt (coord.)

Aoileann Lyons

Ben Bennett

Ben Smith

Impresión

Gráficas Varona, S.A.

Depósito legal

S. 1.129-2004

ISBN

84-933373-4-X

ÁNFORA PÚNICA
Séculos IV-III a. C.,
cerámica,
21x19,2 cm diámetro,
Badía da Coruña,
A Coruña, Museo Arqueolóxico e
Histórico Castelo de Santo Antón
(MAC 4142)



Fragmento de panza, boca e asa de ánfora. A pasta de arxila é moi porosa, con bastante degraxante e de cor vermella pardenta. A boca non ten labio e engrósase no borde, que presenta forma tronco-cónica por non mostrar discontinuidade co colo. A boca, por tanto, únese directamente á panza cilíndrica, da que arranxa unha pequena asa en arco de sección circular. Presenta concrecións de orixe marina en ambas as caras. Segundo J. Naveiro, o fragmento pertence a unha ánfora de tipo púnico "síntese evolutiva da forma D, chamada "de obus", e algunha variante da forma A da clasificación de Mañá".

Recuperada na badía da Coruña pola draga do Porto do Centenario, procede dunha zona situada a uns 300 ou 400 metros da área costeira do Parrote, onde outros moitos indicios parecen sinalar a localización do antigo porto romano da Coruña. A tipoloxía apunta a unha cronoloxía entre os séculos IV e III a. C. Trátase dun tipo pouco frecuente na zona, ademais da ánfora máis antiga conservada no Museo de Santo Antón. ■

Rosa Brañas

BIBLIOGRAFÍA

- MAÑÁ, J. M. "Sobre tipología de las ánforas púnicas", *Información Arqueológica. Boletín del Instituto de Prehistoria y Arqueología de la Diputación Provincial de Barcelona* 14, 1974 (pp. 38-42; incluída nota de R. Pascual, pp. 42-46).
NAVEIRO, J. "As ánforas romanas de A Coruña (II)", *Brigantium* 3, 1982 (p. 65, nº 14; pp. 68 e 71; lámina II-14).



FRAGMENTO DE COLAR

Villa romana de Noville,

Mugardos, A Coruña,

século VI d. C.,

ouro e pasta vítrea, 4,4 x 0,4 cm,

A Coruña, Museo Arqueolóxico e

Histórico Castelo de Santo Antón

(MAC 2548)

Fragmento de cadea de ouro con doas, posiblemente parte dun colar. A cadea consta de catro elos aplanados do tipo "loop-in-loop" —en forma de 8— e doutros dous simples —en S, sen soldadura—, que enlazan os anteriores cun peche femia, enrolado de aramio e rematado en ollal circular. A serie de elos levan intercaladas seis doas bitroncocónicas desiguais, de pasta vítrea azul.

A peza apareceu na área exterior dun edificio moi próximo á porta de entrada do *praefurnium* da villa romana de Noville. Tipoloxicamente asimilase a modelos do Mediterráneo oriental (colares "bizantinos"), polo que se podería tratar dun obxecto importado, aínda que non se descarta unha imitación local. En calquera caso, ademais da tipoloxía, o contexto estratigráfico tamén nos sitúa en época tardorromana (en torno aos séculos IV e V d. C.). ■


BIBLIOGRAFÍA

PÉREZ LOSADA, F. *et al.* "Estudio do material arqueolóxico procedente da villa romana de Noville (Mugardos, A Coruña)", *Minius* 1, 1992, pp. 69-71; fig. XII.

PÉREZ LOSADA, F. "Sobre a villa romana de Noville (Mugardos): síntese científica divulgativa e valoración patrimonial", en ALONSO TRONCOSO, V. (ed.). *Ferrolterra Galaico-Romana*. Ferrol, 1997, pp. 85-135; pp.100-101; foto 13.

Rosa Brañas

CRUZ DE MORAIME
Muxía, A Coruña,
bronce, 22,5x5,4x0,6 cm,
A Coruña, Museo Arqueolóxico e
Histórico Castelo de Santo Antón
(MAC 531)



Cruz grega de bronce de sección rectangular, cos extremos dos brazos rematados en molduras e pequenas esferas. O brazo inferior vai unido a unha longa hasta de igual sección. Aínda que M. Chamoso Lamas, o seu descubridor, menciona que a cruz presentaba "simple decoración gravada", hoxe en día esta é de todo imperceptible. Parece tratarse dunha cruz osculatoria.

Apareceu nos arredores da igrexa románica de San Xián de Moraime (Muxía, A Coruña). Alí, sobre o pavimento que cubría construcións anteriores de época romana, descubriuse unha necrópole de época visigoda. A cruz apareceu entre dúas sepulturas, nun nivel datado en torno aos séculos V e VII d. C. ■

Rosa Brañas

BIBLIOGRAFÍA

- Catálogo Exposición *Los bronce romanos en España*.
Ministerio de Cultura. Madrid, 1990, p. 225, nº
117.
CHAMOSO LAMAS, M. "Excavaciones arqueológicas en S.
Julián de Moraime (Mugla-La Coruña)", *Noticiario
Arqueológico Hispánico, Arqueología* 4, 1976, p.
338.

ESTELA DE VICTORINUS
Séculos IV-VI d. C.,
granito, 144x51x21 cm,
tamaño das letras: 10-16 cm,
A Coruña, Museo Arqueolóxico
e Histórico Castelo de Santo Antón
(MAC 104)

A estela de Victorinus é unha lápida funeraria granítica de perfil antropomórfico, cruzada por unha grosa vea de seixo branco dende a metade superior do corpo ata a parte inferior dereita. A esta altura, aproximadamente, comeza a estreitarse na base, posiblemente para poder fincarse no chan. A cabeza vén diferenciada por dous escotes laterais e unha ancha acanaladura horizontal distingue o pescozo. Os trazos faciais son moi esquemáticos; apenas unha incisión forma as cellas e un único profundo trazo en forma de "U" rematado en dúas pequenas concavidades insinúa nariz e ollos. O corpo, con escaso acondicionamento previo, constitúe o campo epigráfico que aloxa a seguinte inscrición:

VICTORI/NVS / IN PACE/ ANNORV/MCXX

A carón do característico esquema epigráfico latino de tradición pagá, con indicación do nome do defunto, idade e fórmula funeraria, a solución escollida nesta coa forma *in pace* "en paz" concede á nosa inscrición a cualidade de primeiro epígrafe cristián documentado en Galicia (datable en torno a finais do século IV d. C.). A lectura da idade CXX como "de 120 anos" non convence a algúns autores, que a consideran erro do lapicida, ou interpretan o "C" como un "L" evolucionado ou, caso de M. Monteagudo, abreviatura de *circa/circiter*.

A estela provén do adro da igrexa parroquial de Santa Baia de Tines, Vimianzo (A Coruña), onde os primeiros restos arqueolóxicos descubertos proceden das obras de construción dun novo panteón en 1950. A apertura

das gabias de cimentación exhumou numerosos materiais romanos, entre os que se contaban bases de columnas, tixolos e tégulas, posiblemente pertencentes a enterramentos pagáns. Ademais, o feito de teren aparecido nos terreos adxacentes á igrexa numerosos fragmentos de tégula, así como de cerámica *terra sigillata*, fixeron sospeitar a existencia no lugar dunha zona de habitación contemporánea á necrópole (posiblemente unha *villa*). Da mesma zona revolta polas obras emerxerían ademais varios sartegos antropoides e laudas "de estola" datables nos primeiros tempos da xermanización. Estes diferentes indicios suxeriran a M. Chamoso Lamas un período de uso da necrópole de Tines extraordinariamente prolongado, pois abrangería dende o século I a VIII d. C. Este



mesmo autor tería emprendido escavacións arqueolóxicas no lugar un ano máis tarde, momento no que ao fin tería aparecido a nosa estela, nun nivel por riba dun *hipocaustum* de época romana, a carón do baseamento dun pórtico e xunto a sartegos de tipo baixo-romano ou paleocristián. Tanto a estratigrafía como a formulística epigráfica situarían a nosa estela, por tanto, nun nivel correspondente ao que Chamoso considerou a etapa sueva da necrópole de Tines. ■

Rosa Brañas

BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO SANMARTÍN, P. e LÓPEZ CARREIRA, A. "Antigüidade tardía e xermanización", en *Historia da arte galega*. A Nosa Terra, 1998.
- Catálogo Exposición "Galicia no Tempo", Santiago de Compostela, 1991, p. 125, con foto.
- Catálogo Exposición "Galicia Terra Única", tomo *Galicia castrexa e romana*, Lugo, 1997, p. 285, con foto.
- CHAMOSO LAMAS, M. "Hallazgos arqueológicos en Tines", *CEG* VIII, 1953, pp. 151-153.
- "Santa Marina de Aguas Santas", *CEG* XXX, 1955, pp. 71-73, con foto, e pp. 76-77.
- DÍAZ Y DÍAZ, M. "La cristianización en Galicia", en *La romanización de Galicia. Cuadernos do Seminario de Estudos de Sargadelos*, XVI, 1976, pp. 113, 119.
- MONTEAGUDO, L. "La religiosidad callaica", *Anuario Brigantium* 19, 1996, pp. 104-6.
- NÚÑEZ GARCÍA, O. e CAVADA NIETO, M. *El nacimiento del cristianismo en Gallaecia. Manifestaciones pagano-cristianas en los siglos I-IV*. Aica Ediciones, 2001, p. 183, foto na portada.
- PEREIRA MENAUT, G. *Corpus de inscricións romanas de Galicia I*. Consello da Cultura Galega, 1991, nº 69.
- RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, P. "Sincretismo de la religión indígena y la religión romana visto a través de las estelas antropomorfas", en *Brigantium* 2, 1981, pp. 73-82.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. "Escultura en relieve e vulto redondo", en *Galicia-Arte*, Ed. Hércules, T. IX, 1993, foto p. 411.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. "La estela de Troitosende: uso y abuso de los paralelismos en el arte prehistórico", *Brigantium* 1, 1980, pp. 85-86, fig. 3.